

Oración da IV AMEL do Distrito Arlep

Señor e noso Pai,

Ti quixeches que o proxecto de san Xoán Bautista de La Salle sexa coñecido pola fe, o servizo e a comunidade, por encarnar unha espiritualidade sinxela e comprometida, e polo profundo amor aos nenos, nenas e mocidade.

Hoxe somos moitos os Lasalianos e Lasalianas que continuamos os seus pasos con audacia e esperanza, que día a día encarnamos a nosa vocación como seguidores de Xesús, e que soñamos un futuro de comunión a través da educación, camiñando “xuntos e por asociación”.

Sabemos que, pola túa misericordia, Ti fas novas todas as cousas e que todos estamos convidados a compartir a túa mesa como irmáns e irmás.

Dirixímonos a ti pedíndoche pola IV Asemblea da Misión Educativa Lasaliana. Recoñecemos que “Xuntos somos horizonte” e pedímosche especialmente por todo o Distrito Arlep, que participa neste camiño de diálogo e discernimento. Axúdanos a acoller, coidar e compartir a túa chamada.

Envíanos o teu Espírito para que saibamos ler os signos dos tempos, descubrir os horizontes cara aos que queres conducirmos, valorar a nosa diversidade, responder fielmente á túa chamada e fortalecernos como Familia Lasaliana ao servizo dos nenos e da mocidade.

San Xoán Bautista de La Salle, roga por nós.
Viva Xesús nos nosos corazóns. Por sempre!